

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 26 de outubro de 2018 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2017/18, convocados pola Orde do 26 de abril de 2018 (Diario Oficial de Galicia do 11 de maio).

A Orde do 26 de abril de 2018 (DOG do 11 de maio) pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico, correspondentes ao curso 2017/18, establece no seu artigo 14.2 que a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo tribunal á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizadas as probas, publicadas as cualificacións provisionais obtidas polos candidatos e candidatas no portal educativo <https://www.edu.xunta.es>, resoltas as reclamacións presentadas, vista a acta coa proposta definitiva do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios e a proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2017/18 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Esta orde de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2018

Carmen Pomar Tojo

Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional



ANEXO
Premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2017/18

Sol.	Apelidos e nome	Cód. C.	Centro de estudos	Importe
26891	Alonso Guerrero, Eiko	36019921	CPR Los Sauces	750 €
26395	Arca Marán, Ana	32009190	IES As Lagoas	750 €
27083	Barriuso Veleiro, Yago	15015755	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	750 €
25779	Cancela Fernández, Andrés Xabier	15004526	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	750 €
26701	Carrión Orosa, Inés	15005257	IES Ramón Menéndez Pidal	750 €
27014	Fernández Carballal, Martín	32015207	IES O Couto	750 €
27486	Fernández Filloy, Daniel	32003001	IES Nº 1	750 €
27428	Ferreiro Rega, Pedro	27006531	IES Lucus Augusti	750 €
27015	García Corral, Paula	27013648	IES Vilar Ponte	750 €
26646	González Álvarez-Ron, Iria	32008941	IES Eduardo Blanco Amor	750 €
27175	González Losada, Iria	32008513	CPR Plurilingüe Santa Teresa de Jesús	750 €
26579	Insua Miñones, Xan	15003212	IES Agra de Raíces	750 €
26978	Lamas González, Carmen de la Merced	36006641	CPR Plurilingüe Calasancio	750 €
26684	Navarro Millara, Lucía	36011257	CPR El Pilar	750 €
26620	Núñez Suárez, Elba	32016273	IES Xesús Ferro Couselo	750 €
25675	Pereira Reboredo, Irene	36012471	IES Castro Alobre	750 €
26584	Rial Fondo, Jorge	15027368	IES Maximino Romero de Lema	750 €
25977	Rodríguez Domínguez, María	36010903	CPR Plurilingüe Apóstol Santiago	750 €
26624	Rodríguez Martínez, Verónica	15000338	CPI As Mirandas	750 €
26681	Sanmartín Vázquez, Eva	27013314	IES Santiago Basanta Silva	750 €

